

CULTURA DO VIÑO

Coñecida como a Capital do Viño Albariño, a vila de Cambados estivo ligada desde sempre a este prezado caldo sendo aquí onde naceu a Denominación de Orixe Rías Baixas e así queda reflectido nas súas rúas nas que a cultura do viño está sempre presente.

A festa do Viño Albariño, declarada de Interese Turístico Nacional é unha das festas enogastronómicas máis antigas e máis importantes de España e durante os días de celebración achéganse á vila do albariño preto de 300.000 persoas. Os nosos viños elabóranse con especial mimo e agarimo, de forma artesanal, coas nosas propias mans, desde a poda ata a recolección, sendo a vendima un dos momentos máis entrañables, onde cada xornada finaliza gozando do albariño e da nosa excelente gastronomía en compañía de familia e amigos.



Ruta del Padre Sarmiento

Tiene su inicio en Pontevedra y discurre por los ayuntamientos de Poio, Sanxenxo, O Grove, Meaño, Cambados, A Illa de Arousa, Vilanova de Arousa, Vilagarcía de Arousa, Catoira, Valga y Pontecesures, donde enlazará con el Camino portugués hasta llegar a nuestro destino, Santiago de Compostela.

Reproduce el viaje que realizó el Padre Sarmiento en el año 1745 hacia Santiago de Compostela y le llevó a recorrer estos municipios, dejando constancia escrita de este periplo en su libro "Viaje a Galicia".


LONGITUD: 190 kilómetros
9 etapas de 21,11 km

DURACIÓN: 9 días
5 horas por día

DIFICULTAD: Baja

LEYENDA

- | | |
|----------------------|---------|
| Información | Torre |
| Museo | Parador |
| Iglesia / Monasterio | Molino |
| Pazo | Mirador |



Cambados
Ciudad
Europea del
Vino 2017

CAMBADOS CIDADE EUROPEA DO VIÑO 2017

Cambados, coñecido polo seu increíble Conxunto Histórico Artístico, e declarado Ben de Interese Cultural pola Xunta de Galicia, foi nomeada por RECEVIN Cidade Europea do Viño 2017. Este nomeamento é unha oportunidade única de promoción a nivel nacional e internacional da D.O. Rías Baixas, do sector vitivinícola e do enoturismo. Esta distinción axudará ademais a impulsar o sector turístico grazas aos eventos ligados ao viño e ás actividades enogastrómicas que durante o 2017 levarán a cabo na localidade cambadesa.



RECEVIN

Qué é RECEVIN?

É a Rede Europea de Cidades do Viño que ten o obxectivo de visualizar as Cidades do Viño, así como de promover a Cultura do Viño e o Enoturismo en toda Europa. Entre as accións levadas a cabo por Recevin está a celebración do Día Europeo do Enoturismo, así como o Concurso "Cidade Europea do Viño", un concurso de carácter rotatorio entre os diversos países que conforman a rede, e que outorga á cidade seleccionada o orgullo e a consideración de ser a embaixadora anual das Cidades do Viño de Europa.

www.recevin.net

Facebook RECEVIN - European Network of Wine Cities



CONSUMO MODERADO DE ALCOL

O Concello de Cambados forma parte dos programas europeos Wine In Moderation e da campaña FEBE "Menores nin unha pinga", comprometéndose na promoción dos valores do consumo moderado e responsable do viño e loitando contra o consumo de alcol en menores.



Feita a man

